

ct

Feminissimas

de
Esther F. Carrodegua

(fragmento en galego)

Unha peza escrita en Cativeiro
by sther f. carrodegua

coa axuda inestimable de todo o equipazo:

Noelia Blanco

Xavier Castiñeiras

Stephy Llaryora

Steve Domínguez

Ano de 2020

Circunstancias

Volvendo a 2020, volvendo á posición na que estaban cando Bea dixo que ía ser nai.

RUKA

Hai algo peor que vender o teu puto corpo por pasta?

Si:

Explotar a outra muller sen recursos

Para que teña un puto bombo por ti

Teña un puto parto por ti

Arrisque por ti a súa saúde

Namentres ti estás de borracheira coas túas amiguiñas da infancia *Alvariño va – Alvariño viene!*

Hai que foderse!

BEA

Ruka:

A xestante do meu bebé non está explotada

Está feliz de poder axudar a outra muller

E ti deberías de entendela xa que tanto se che enche a puta boca coa palabra SORORIDADE

Non podo ter nenos Ruka

Porque son estéril!

Son unha PUTA estéril

RUKA

Pois adoptas!

Adoptas ou resígnaste!

BEA

Es tan retrógrada como a miña nai!

Non podes sequera empatizar cunha amiga que vai ter un neno!!!!

RUKA

Ou unha nena!

GABI

NENE-NENE-NENE-NENE

Pero como hostias vou ser madriña dun nene que non vai ser nene

Que vai ser nenO ou nenaA

Que vai ser considerade masculinO ou femininA

Que vai levar lazo rosa se nace con cona

E lazo azul se nace con pene

BEA

E como carallo que queres que vista ao meu bebé?

Os nenos son nenos e as nenas son nenas
E se hai catro excepcións pois xa veremos
E toda esta moda que vos traedes do trans
Non é máis que a expresión máis elevada do neoliberalismo
Queredes todo
Ser home
Ser muller
Chutar testosterona
Poñer tetas
Quitar tetas:
Caprichos neoliberais

RUKA
Igual comprar un BEBÉ!!!!!!

BEA
Nin que fose ir ao mercado negro?
On bebé é meu!
O meu óvulo!
O espermatozoide de Marcos!
Só vai pasar uns meses no corpo doutra muller!

GABI
Persoa! Persoa! Persoa! Persoa!
De verdade non podeades deixar de catalogar á xente como home ou muller!!!!

RUKA
É que é unha muller!
Unha muller escravizada como muller!
Unha muller escrava do seu útero!

BEA
Unha muller FELIZ!!!!!!
FELIZ FELIZ FELIZ de poder agasallarme cunha vida
Coa vida do MEU neno!

RUKA
Ou nena!

GABI
NENE

BEA
Joder que pesadelo gramatical!

RUKA
Dirás Neoliberal!

GABI
Nooooooooon!
Vital!
Un pesadelo vitaaaaaaal
Non ves que non existimos?
Que non existen nin as palabras para nos definir?
Eu que sería eh!
Di! Dí! Dí!:
Madriñe? Padriñe? Mapadriñe? Pamadriñe?
FLUIDIÑE?

RUKA
Pero ti só pensas en ti mesmE todo o rato?
EU-EU-EU-EU-EU-EU-EU-EU-EU
Bea vai mercar un puto bebé e ti estas pensando nas túas putas palabriñas con E?

GABI
E para ti o único importante é a pasta porque non a tes!
Se tiveses cartos serías unha puta burguesa coma todEs!

BEA
Siiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiiii!!!!!!

RUKA
Que dis tía!!!!!!

GABI
Tíe! Tíe! Tíe Tíe!!!!!!

BEA
Tranquila que non pasa nada por unha puta vocal!

Gabi saca a pistola. E despois Ruka e Bea. Soa:

GABI
A Bea
Di que vas ter un nenE

RUKA
NenA

GABI
A Ruka
Terf!

BEA
Aínda non se sabe se vai ser neno ou nena!

GABI

E se naces intersex que vas facer?
Cortar-guillotinar-mutilar

RUKA

Devolveo por Amazon porque saí defectuoso!

BEA

Sodes as peores mulleres do mundo!

GABI/RUKA

Non son muller/Non é muller!

BEA

Pois o que sexa!

GABI

DI que non lle vas poñer lazo rosa se nace con cona
E lazo azul se nace con pirola

BEA

Voulle poñer o que me saia da cona!

RUKA

Non eras Estéril?

BEA

Pero en que momento se pasou pola cabeza que as madriñas do neno fosen unha puta Feminazi e unha tipa que di que non é tipa e que viste coma un pallaso?